



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 3	Código	613G03015	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	luis.pcastelo@udc.es	
Profesorado	Fowlie , James Alexander	Correo electrónico	james.fowlie@udc.es	
	Puente Castelo, Luís Miguel		luis.pcastelo@udc.es	
Web	www.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia amplía e profundiza os coñecementos da lingua inglesa, consolidando as competencias de B2 e cubrindo unha parte das competencias de C1 nas catro habilidades básicas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	O estudantado debe expresarse dunha maneira creativa, orixinal e imaxinativa en textos orais e escritos de lingua inglesa.	A6 A9 A15	B1 B3 B4 B5 B6
O estudantado debe poder expoñer con claridade a súa opinión sobre diferentes temas e textos, explicando claramente e destacando os puntos principais do seu argumentario, debatindo de xeito axeitado, procurando convencer os demais e respondendo ás cuestións e dúbidas que poidan xurdir.	A1 A6 A9 A10 A15 A17 A18 A19	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B10	C2 C4
O estudantado debe poder seguir os discursos de textos orais dos medios de comunicación, sempre que se fale un nivel de lingua estándar, pero mesmo tamén empregando unha cantidade considerable de linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas.	A6 A19 A20	B3 B4 B8 B10	C2 C4
O estudantado debe tomar parte activa en debates orais sobre asuntos de interese cotiáns e xerais, explicando e defendendo o seu punto de vista usando unha linguaxe apropiada.	A1 A6 A9	B3 B4 B5	C2
		B10	



O estudantado debe ser capaz de expresarse en inglés escrito con claridade e fluidez, dunha forma coherente e ben organizada, usando conectores de maneira apropiada. Deben usar vocabulario e estruturas que matizan e expresan modalidade: graos de certeza/incerteza, crenza/dúbida, probabilidade/improbabilidade, usando parágrafos e puntuación correctamente.	A1 A6 A9 A18 A19 A20	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B10	C2 C4
O estudantado debe ter a capacidade de entender as principais ideas da maioría dos textos orais ou escritos en inglés, seguir liñas argumentais complexas e identificar as principais conclusións ás que chegou o falante, sempre que o tema sexa relativamente coñecido.	A1 A6 A17 A19	B4	C2 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Gramática	1.1. Usos de it 1.2. Usos de wish e outras construcións para expresar a irrealidade. 1.3. Expresión da énfase: Oracións cleft e semicleft, inversión, extraposición... 1.4. Adverbiais 1.5. Clases de palabras e formación de palabras
2. Vocabulario	2.1. A cidade e as vilas 2.2. Os lugares nos que vivimos 2.3. Política e regulacións 2.4. O medio ambiente 2.5. Diversidade e discriminación
3. Writing	3.1. Expresar a opinión propia e convencer os demais 3.1.1. Críticas 3.1.2. Informes 3.2. Cartas 3.2.1. Cartas formais e informais 3.2.2. Cartas de reclamación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	C2	2	0	2
Sesión maxistral	A6 A15 A17 A18 A19 A20 B3 B8 B10 C2 C4	22	16	38
Portafolios do alumno	A1 A6 A9 A10 A15 A17 A18 A19 A20 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	5	17	22
Seminario	A1 A6 A10 A17 A18 A20 B6 C2	15	15	30
Discusión dirixida	A1 A6 A9 A17 A19 A20 B4 B5 B7 B8 B10 C4 C2	14	0	14
Proba oral	A9 A6 B4 B7 B8 B10 C2	1	8	9



Proba obxectiva	A6 A15 A18 B6 B3 C2	0	34	34
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que as actividades teñen como fin a obtención de información sobre o nivel de competencia do estudiantado, para poder avanzar de acordo coas súas expectativas e necesidades.
Sesión maxistral	Exposición de contidos teóricos e prácticos, acompañada de material audiovisual, co fin de aumentar e consolidar os coñecementos do estudiantado da lingua inglesa e os temas aprendidos.
Portafolios do alumno	Conxunto de tarefas de redacción encomendadas durante o cuatrimestre.
Seminario	Son sesións prácticas nas que se traballan as habilidades básicas en relación co programa, e nomeadamente, o speaking, o listening e o reading.
Discusión dirixida	Diálogos en parellas e grupos pequenos, con seguimento do profesor, nos que se poñen en práctica as habilidades do estudiantado, e nos que poden ter lugar conversacións e debates informais e espontáneos.
Proba oral	Todos os estudantes realizarán unha presentación oral ao final do cuatrimestre, na cal deberán amosar a súa competencia comunicativa en inglés. Os estudantes poderán escoller realizar as súas presentacións na aula ou como un vlog.
Proba obxectiva	Exame escrito. Permite que os profesores avalíen os coñecementos e habilidades lingüísticas adquiridos, desenvolvidos e mellorados durante o curso. Pode incluír varios tipos de preguntas e basearse nos materiais utilizados ao longo do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	O profesor corraxirá ao longo do curso varias redaccións de cada estudante.  O estudiantado deberá ter en conta os seus erros e as correccións e comentarios para futuras ocasións. Poderán e deberían consultar co profesorado sobre a maneira de mellorar o seu rendemento, e usar o tempo dedicado á auto-aprendizaxe para corraxir erros.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A6 A15 A18 B6 B3 C2	Unha proba obxectiva (exame) baseada nos materiais presentados na clase. Inclúirá varios tipos de exercicios. Deste 60% da materia, 40% corresponderá a un exame escrito de gramática e vocabulario, 100% a unha comprensión de texto escrito (reading) e 10% a unha comprensión de texto oral (listening).	60
Seminario	A1 A6 A10 A17 A18 A20 B6 C2	No seminario avaliarase o conxunto de tarefas de comprensión escrita (reading) e oral (listening) realizadas durante o curso.	10
Portafolios do alumno	A1 A6 A9 A10 A15 A17 A18 A19 A20 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	Avaliaranse varias redaccións (writing). As características de cada unha serán explicadas polo profesor na aula.	15
Proba oral	A9 A6 B4 B7 B8 B10 C2	Todo o estudiantado realizará unha presentación oral ao final do cuatrimestre, na que deberá mostrar as súas competencias comunicativas orais en lingua inglesa. Avaliarase a capacidade de facerse entender, a súa coherencia, fluidez, pronunciación e tamén a complexidade e corrección léxicas e gramaticais. Os estudantes poderán escoller realizar as súas presentacións na aula ou coma un vlog.	15
Outros			



## Observacións avaliación

Superación da materia Para superar a materia, o estudiantado terá que cumprir as seguintes dúas condicións: A) Media ponderada do conxunto das actividades superior a 50.

B) Ter máis dun 40% da nota en cada unha das seguintes tarefas: "proba oral", "proba obxectiva" e "portafolios do alumno".

No caso de non cumprir con algunha destas condicións, o estudiantado terá que acudir á oportunidade de xullo.

Entrega de traballos: Aplicarase unha penalización do 25% aos traballos presentados fóra de prazo sen causa xustificada. Os traballos con evidencia de plaxio serán cualificados automaticamente coa calificación de 0. Poderanse empregar programas específicos de detección do plaxio. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copia de traballos, copia de exames, etc.) penalizarase, de acordo ao establecido no Regulamento Disciplinar do Estudiantado da UdC, artigos 10.3.f e 11.4.b, co suspenso en ambas oportunidades.

Cualificación de Non Presentado (NP): Para obter a cualificación de Non Presentado (NP) o estudiantado deberá non ter realizado a Proba obxectiva / Exame final, nin a Proba oral.

OPORTUNIDADE DE XULLO: O estudiantado que non supere a materia na primeira oportunidade terá que acudir á oportunidade de xullo, que terá a mesma ponderación das diferentes actividades de avaliación mais na que os traballos de Seminario e Portafolios serán substituídos por novos traballos específicos. As partes da materia superadas (máis do 50% da nota) na primeira oportunidade non poderán ser repetidas na oportunidade de xullo.

DISPENSA ACADÉMICA: O estudiantado con dispensa académica oficialmente recoñecida será avaliado segundo as indicacións para a oportunidade de xullo, mantendo as mesmas porcentaxes da avaliación e realizando as adaptacións dos traballos necesarias por motivos de presencialidade. O estudiantado nesta situación deberá poñerse en contacto co profesorado tan pronto como teña coñecemento da mesma.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Edwards, Lynda & Jacky Newbrook (2014). Gold Advanced. Maximiser with key.. Harlow: Pearson
- Jones, Leo (2001). New Cambridge Advanced English. Cambridge: CUP
- Burgess, Sally & Amanda Thomas (2014). Gold Advanced Coursebook. Harlow: Pearson
- Mann, Malcolm (2008). Destination C1 and C2: grammar and vocabulary. London: MacMillan
- Quirk, Randolph & Sidney Greenbaum (1985). A University Grammar of English. London: Longman
- Swan, Michael (1996). Practical English Usage. Oxford: OUP
- Tims, Nicholas et al. (2014). Face2face Advanced Workbook. Cambridge: CUP
- Vince, Michael (2009). Advanced Language Practice. English Grammar and Vocabulary. London: MacMillan

### Bibliografía complementaria

- Greenall, Simon & Michael Swan (1986). Effective Reading. Cambridge: CUP
- Collie, Joanne & Stephen Slater (1992). Cambridge Skills for Fluency: Listening 3 (and 4). Cambridge: CUP
- Side, Richard & Guy Wellman (2000). Grammar and Vocabulary for CAE and CPE. London: Longman
- Swan, Michael & Catherine Walter (1997). How English Works. Oxford: OUP
- Allsop, Jake & Peter Watcyn-Jones (1990). Test Your Phrasal Verbs. London: Penguin
- Allsop, Jake & Peter Watcyn-Jones (1990). Test Your Prepositions. London: Penguin
- Greenall, Simon & Diana Pye (1993). Cambridge Skills for Fluency: Reading 3 (and 4). Cambridge: CUP
- Hewings, Martin (1999). English Grammar in Use. Advanced.. Cambridge: CUP
- Littlejohn, Andrew (1993). Cambridge Skills for Fluency: Writing 3. Cambridge: CUP
- O'Connell, Sue (1992). Focus on Advanced English. London: Nelson
- McCarthy, Michael & Felicity O'Dell (1996). English Vocabulary in Use.(Advanced). Cambridge: CUP
- Collie, Joanne & Stephen Slater (1992). Cambridge Skills for Fluency: Speaking 3 (and 4). Cambridge: CUP
- Thomson, Audrey Jean & Agnes V. Martinet (1993). A Practical English Grammar. Oxford: OUP
- Beaumont, Digby & Colin Granger (1991). Heinemann English Grammar. Oxford: Heinemann

## Recomendacións



## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 1/613G01003

Lingua Inglesa 2/613G01008

## Materias que se recomenda cursar simultaneamente

## Materias que continúan o temario

Lingua Inglesa 4/613G01019

## Observacións

Medidas de apoio á diversidade A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade ([pat.filoxia@udc.gal](mailto:pat.filoxia@udc.gal)). Medidas de apoio á igualdade Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...) Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías